

Seminario Final do Proxecto Symbios

Recomendacións para planificar as políticas públicas a prol duns territorios inclusivos

O Proxecto Symbios está encarando a súa recta final e ten previsto realizar un último seminario en Santiago de Compostela o mércores 27 e o xoves 28 de maio de 2015, baixo o título *Recomendacións para planificar as políticas públicas a prol duns territorios inclusivos*.

O obxectivo xeral do mesmo é difundir os resultados do proxecto Symbios, incorporar a inclusión territorial á aplicación da Estratexia 2020 e estabilizar colaboracións bilaterais e multilaterais alén do remate do proxecto.

Mércores 27 maio de 16:15H a 17:30H Dinámica da cita rápida, Speed dating

Promovendo redes

En relación a esta última cuestión, está prevista a realización dunha dinámica que favorece o coñecemento mutuo e permite establecer colaboracións concretas entre as persoas e entidades participantes.

Na dinámica hai dous roles diferenciados: o daquelas persoas e entidades que teñen unha rede que queren promover, sexa formal ou informal, e a daquelas persoas e entidades que van coa disposición de coñecer diferentes redes e colaborar con elas, se se dá o caso.

As primeiras terán os seus espazos nunha sala ampla, e as segundas irán cambiando dun espazo a outro cada 7 minutos. Nese tempo, en cada espazo-rede, seguiranse uns pasos que, orientativamente, poden ser:

- a) Breve presentación das **persoas**
 - b) Breve presentación da **rede**
 - c) **En que podemos axudarnos?** As axudas poden ser de todo tipo: traballos en común, divulgación, compartir recursos, facer chegar persoas usuarias, compartir saberes, etc.
- a) **Intercambio de contactos.**

Ao cabo dos 7 minutos, cámbiase de recanto, para favorecer que o número de contactos sexa o maior posible. Quen está promovendo unha rede, queda no seu espazo á espera das novas persoas.

Invitación

Promove a túa rede

Para facer posible a dinámica e o seu obxectivo de promover redes, precisamos coñecer con anticipación as redes que queren estar. Por iso, facemos agora unha invitación a todas as entidades e persoas interesadas en dar a coñecer ou promover unha rede, sexa de carácter formal ou de carácter informal.

Convidamos a redes que traballen aspectos relacionados co Proxecto Symbios: todas aquelas que, dunha ou outra forma, traballan a inclusión territorial, a calidade de vida nos territorios que están a sufrir un profundo cambio demográfico ou iniciativas a prol duns territorios inclusivos, innovadores e sostibles.

Poden ser:

- Redes formais: asociacións, federacións, etc. que queiran darse a coñecer e acoller novas colaboracións e adhesións.
- Redes informais. Persoas e entidades que xa estean colaborando de xeito informal con outras e queiran sumar a máis xente.
- Novas redes. Persoas ou entidades que busquen novos ámbitos de colaboración en rede, formal ou informal, con propostas de colaboración en torno a algunha cuestión concreta.

Como apuntarse

Promove a túa rede

Envíanos un correo manifestando interese en participar ou calquera dúbida que sexa preciso resolver: symbios@proxectosymbios.eu

Se o prefires, podes chamar directamente ao teléfono: 981 589 269 ou 627 570 947, preguntando por Ana Lorenzo ou Armando Broz.

O prazo para apuntarse remata o **30 de abril**.

Recibe un cordial saúdo

Carlos Santos Guerrero
Xefe do Servizo de Coordinación de Servizos Sociais Comunitarios, Xunta de Galicia
Coordinador do Proxecto Symbios